

AMIZADE

Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Pontevedra

Rúa Alemaña 23, baixo.
Monte Porreiro.
36162. Pontevedra
Teléfono/fax: 986 845 250
amizade@asociacionamizade.org

www.asociacionamizade.org



Cristian destaca como xogador da Billarda no equipo de A.C. Almuinha de Marín. Desde o verán de 2008, ven participando activamente nos campionatos da Liga Nacional de Billarda na súa conferencia Sur.

Cristian ocupa actualmente o posto número 16, a falta de dúas xornadas para o remate da liga.



Boletín impreso en papel reciclado

Non o tires ao chan; usa a papeleira



Boletín financiado por:



O Boletín

Nº1, Marzo de 2009

Nace o Boletín Informativo de Amizade

Contidos:

- A Asociación
- Actividades
- Colaboracións
- Accesibilidade
- A túa páxina

Ten nas súas mans o primeiro exemplar do boletín de Amizade. Un boletín que nace coa vontade de servir de canle de comunicación entre a asociación e a sociedade, de maneira que poidamos divulgar as nosas actividades así como outras cuestións de interese social.

Nos vinte anos de existencia cos que conta Amizade vivíronse diferentes momentos de actividade e funcionamento que variaban segundo os recursos dispoñibles. A incorporación na COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), aló polo ano 1997, trouxo consigo un maior apoio económico e profesional que se fosen ampliando e diversificando as nosas actividades ata o momento no que trasladamos o noso funcionamento a



un no centro situado no barrio de Monte Porreiro, no concello de Pontevedra; foi en xullo de 2007.

Este boletín constitúe un novo paso para poder achegar á sociedade a nosa visión da discapacidade e contribuír, modestamente, a normalizar a vida de todas as persoas con discapacidade.

A nova Xunta Directiva

No mes de xuño de 2007 procedeuse á renovación da Xunta Directiva de Amizade motivada polo abandono do que fora presidente durante os últimos anos, Joaquín Pesqueira.

A nova Xunta Directiva está composta por persoas que xa viñan colaborando coa asociación nos últimos anos así como persoas de recente incorporación. Presidida por Paulo Fontán, conta ademais con Marina Mirás, Alba Acuña, Eugenio Pazos, Marcos Trelles, Antonio Orella, Joaquín Pesqueira e Pablo Cimadevila.

Aproveitamos estas liñas para agradecer a Joaquín Pesqueira o seu traballo desinteresado e constante dos últimos anos, sen o cal Amizade non sería hoxe o que é, e a súa disposición a seguir colaborando coa asociación en todo o que poida. **Grazas Joaquín.**



Joaquín Perqueira recibindo un obsequio



Fachada do centro

As nosas novas instalacións

Desde o mes de xullo de 2007 Amizade trasladou as súas actividades a un novo centro que ten por finalidade satisfacer as necesidades de promoción profesional e habilitación integral das persoas con discapacidade mediante un itinerario específico axustado ás necesidades de cada persoa.

Non pretende ter un carácter finalista ou residual, no sentido de que as persoas que participan no centro permanecen alí sen máis posibilidades de avance, senón que se contempla como unha oportunidade máis dentro do sistema laboral, sempre que sexa factible; e dicir, como unha etapa previa á formación ocupacional ou ao emprego, tanto nun entorno protexido (centros especiais de emprego) como nun emprego ordinario.

Está situado na rúa Alemaña nº 23, baixo, no barrio de Monte Porreiro do concello de Pontevedra. O horario de atención é de **8:30 a 15:00h**, e os luns e mércores tamén de **16:30 a 20:00h**.

O centro conta cunha aula ocupacional, aula de talleres e aula de formación básica que xunto co espazo de administración ocupan unha superficie total de 240m.



Aula de manualidades

Queremos que participes

Cando as cousas as facemos coa participación de todos e todas o resultado sempre é mellor. Non hai que esquecer que o bo funcionamento da asociación depende da participación, dunha maneira ou de outra, de cada un dos socios/as.

Neste boletín tamén nos gustaría que colaboredes e participedes, na medida en que o consideredes oportuno, para enriquecer os contados do mesmo e conseguir o mellor resultado posible.

Por este motivo, en cada exemplar de boletín reservarase un espazo para que calquera persoa poida divulgar os seus pensamentos, queixas ou inqueanzas. Este espazo estará aberto tamén a persoas que non sexan socias pero que consideren interesante participar enviando os seus escritos.



Terminoloxía

Sabemos que as palabras ou termos levan asociadas ideas e conceptos, e que esta correspondencia representa valores culturalmente aceptados. Estes valores transmitense no tempo utilizando as palabras como vehículo. Co tempo, se queremos cambiar ideas ou valores, non teremos máis remedio que cambiar as palabras que os soportan e lle dan vida. Está claro que de utilizar unha terminoloxía ou outra, a percepción individual e a transmisión pública e social que se produce é diferente.

Pois ben, consciente de que a linguaxe produce, modifica e orienta o pensamento, a Organización Mundial da Saúde (OMS), promocionou a denominada Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (CIF), en maio de 2001, na que se presentan uns novos conceptos que intentan desprazar o "problema" da diversidade funcional da persoa ao contorno.

Desde o ano 2003, coa aprobación da LIONDAU (Lei de Igualdade de Oportunidade, Non Discriminación e Accesibilidade Universal), no estado español xa non se contempla o termo "minusvalido/a".



Hoxe en día, aínda que tamén hai algunha outra proposta terminolóxica que busca asentarse, o termo máis consensuado é o de **persoas con discapacidade**. Aínda sendo o termo menos malo, segue contendo certa carga negativa intrínseca derivada do prefixo "dis-". É unha responsabilidade de todos e todas usar esta terminoloxía e, o que aínda máis importante, usala desde a consciencia de que todas as persoas somos iguais, temos os mesmos dereitos e a mesma dignidade.

Algúns conceptos

Podemos definir a **acesibilidade** como a característica do urbanismo, da edificación, do transporte, dos medios de comunicación ou de calquera produto ou servizo que permite a calquera persoa a súa utilización coa máxima autonomía persoal.

As **barreiras** son todos aqueles elementos ou factores existentes no contorno que limitan a independencia das persoas e xeran discapacidades. É moi importante darse conta desta realidade: a discapacidade é unha consecuencia do contorno, non da persoa.

As **Axudas Técnicas** son utensilios, dispositivos, aparatos ou adaptacións, que se utilizan para suplir movementos ou axudar nas limitacións funcionais das persoas con discapacidade.

Deseño Universal

Tradicionalmente empregábase o termo “minusvalía” ou discapacidade para referirse á existencia de deficiencias individuais e intrínsecas ao individuo que limitan a posibilidade de actuar e de participar das persoas.

Debemos cambiar esta concepción e darnos conta de que, en realidade, a discapacidade ten lugar na medida en que a sociedade non está deseñada para aceptar a diversidade dos seus individuos e, polo tanto, discrimínalos impedíndolles o acceso á plena participación social en igualdade de oportunidades. Desta maneira, a responsabilidade deixa de ser do individuo e trasládase á sociedade.

Á hora de deseñar contornos accesibles debemos de ter moito coidado en non crear un segundo contorno paralelo para as persoas con discapacidade, xa que desta maneira estamos actuando de forma discriminatoria e, ás veces, excluínste.

Resulta moito mellor construír contornos e crear servizos que poidan responder á diversidade dos seus futuros usuarios/as; esta é a idea fundamental do que se ven chamando **Deseño Universal ou Deseño para todos e todas**.

Foi cara finais dos oitenta, cando Ron L. Mace, un arquitecto americano usuario de cadeira de rodas, comezou a desenvolver a idea do *Universal Design*. Resumindo as súas ideas, podemos dicir que o **Deseño Universal** intenta conseguir produtos e contornos que sexan utilizables por todas as persoas, sen ter que recorrer ás adaptacións ou a deseños especializados, e que á vez, non supoña una inversión extra elevada. O deseño universal intenta favorecer a todas as persoas sen ter en conta a súa idade ou o seu grao de habilidade, tanto física como intelectual.



Actividades ordinarias

A asociación Amizade ven desenvolvendo nos últimos anos dous talleres ocupacionais, un de informática e outro de manualidades.

O obxectivo destes talleres é ofrecer aos alumnos/as unha alternativa ocupacional á vez que se pretende mellorar a capacitación das persoas de cara a poder participar en posteriores cursos de formación regrados ou mesmo a incorporarse á empresa ordinaria.



Clausura curso FIP 2008

Ademais destes talleres, realízanse actividades de ocio, culturais e reivindicativas e mantéñense contactos con responsables políticos e técnicos da comarca.

Contando coa colaboración de COGAMI, Amizade imparte cursos de iniciación á informática, cursos de emprego/a de oficina, de aplicacións informáticas de xestión e un curso de educación de adultos que ven de comezar no mes de febreiro.



Visita ao Monte Aloia, xullo de 2008

Novas actividades e proxectos

- Este ano comezou a actividade de piscina terapéutica á que asisten varias persoas dúas sesións á semana e na que, mediante exercicios na auga dirixidos por unha monitora, preténdese favorecer a autonomía persoal dos participantes.

- Amizade dispón na actualidade de dúas subvencións concedidas para a adquisición dun vehículo de transporte adaptado que permitirán que nos vindeiros meses poidamos contar cun vehículo propio que facilite a nosa comunicación cos socios/as.

- Presentouse un proxecto de Fomento do Deporte Adaptado que, de ser concedido o financiamento, dará lugar a charlas informativas, xornadas de demostración e actos de concienciación.

- Tamén se presentou outro proxecto encamiñado nesta ocasión a favorecer a busca activa de emprego mediante a creación dun espazo web e dunhas horas de formación que permitan ás persoas con discapacidade manexar novas ferramentas para a busca de emprego.



Aula de informática

Desde Amizade sabemos da importancia de contar con financiamento privado que nos dea certa independencia das subvencións públicas e, polo tanto, unha maior liberdade de movementos. Sabemos tamén das dificultades de entablar acordos coa empresa privada tendo en conta o fin social da Asociación.

Tendo estas consideracións presentes, desde finais do ano 2008 iniciáronse negociacións que deron lugar a diversos convenios de colaboración.

Pensamos que é unha vía de financiamento que temos que continuar ampliando no futuro, sempre que non se chegue a desvirtuar o fin da Asociación senón que sirva para contribuír a alcanzalo.

Convenio con Acceda Ortopedia

A estreita vinculación que teñen as persoas con discapacidade e as ortopedias, debida á necesidade de produtos específicos que existe, facilitou a sinatura deste convenio de colaboración.

Un convenio suscrito por tres anos e polo que a empresa **Acceda Ortopedia** se compromete a facer unha doazón anual a Amizade e a establecer diferentes descontos (dependendo do tipo de produtos) a todos os socios e socias de Amizade.

Como contraprestación, Amizade terá o logo da empresa na súa páxina web, información continua no local da asociación e informará aous seus asociados/as sobre a existencia do convenio.



Convenio con Autocares Rías Baixas

A empresa **Autocares Rías Baixas** e a asociación Amizade asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha e posterior desenvolvemento do servizo de carácter social de axuda ao desprazamento programado e non urxente das persoas con discapacidade e/u dependentes (o que ven sendo o "065 social").



RIAS BAIXAS
AUTOCARES

Mediante este convenio, Amizade encárgase de formar ao persoal contratado pola empresa no referente ao mundo da discapacidade

e de elaborar informes semestrais sobre o funcionamento do servizo.

Pola súa parte, Autocares Rías Baixas comprométese, entre outras cousas, a colaborar con Amizade na celebración dunha xornada anual que versará sobre a temática que Amizade considere.

Convenio con Miniprecios Zapaterías

A empresa Miniprecios Zapaterías é a propietaria de distintas tendas de calzado na cidade de Pontevedra (e noutras cidades galegas) como poden ser **Bross** ou **Krack**.

No convenio asinado polas partes a empresa comprométese de dúas maneiras:

Por un lado, establécese unha aportación económica anual a cambio de manter o seu logo na páxina web da asociación.

E, por outra parte, financia o deseño e publicación deste boletín, que terá un mínimo de 4 tiradas anuais. Neste caso, tal como se pode apreciar, Amizade inclúe unha referencia a esta colaboración tanto na primeira como na última folla.



Colaboración do Clube Deportivo Teucro

Un ano máis, o clube deportivo **Teucro** demostra o seu compromiso social con esta cidade e continúa facilitando o acceso a espectáculos deportivos ás persoas con discapacidade, a través da cesión de entradas.

Todos os socios/as que queiran asistir a un partido do Teucro terán que poñerse en contacto con Amizade dous días antes do encontro para que desde a asociación poidamos xestionar esa posible cesión de entradas.



Outros colaboradores

Facemos a continuación unha referencia a aquelas entidades e empresas que, dunha ou doutra maneira, tamén veñen colaborando con Amizade, desde administracións públicas a empresas privadas, pasando por bancos e caixas.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Acción Social



Vaia para todos eles o noso agradecemento